**SESION PLENARIA extraordinaria**

**Día venres 3 de febreiro de 2023,**

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 14:13 horas do día venres 3 de febreiro de 2023, a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada previamente para este día, reúnense os seguintes concelleiros:

ASISTENTES:

| | | |
|---|---|---|
| MANUEL FERREIRO MARZOA | 34893023E | PP |
| JESUS MIGUEL PRADO CEA | 46910475C | PP |
| JESÚS FRANCOS SÁNCHEZ | 76329065T | PP |
| JUAN CARLOS PORTOS BRA | 76368290X | PP |
| ENRIQUE ASTRAY OTERO | 45955540E | PSOE |
| JOSÉ LUIS PEREIRA BAO | 76363600N | PSOE |
| AURELIO GAREA PORTOS | 79310360N | PSOE |
| MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE | 35314415P | BNG |

AUSENCIA:

ROBERTO REY MARTÍNEZ 79314640Z PP

; baixo a Presidencia de Mª ANGELES ALVAREZ CARRO 76363609K como Alcaldesa- Presidenta, e coa asistencia da Secretaria do Concello Ángela María Viqueira Allo.

**ORDE DO DÍA**.

**1.-APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE FRADES (RPT).**
**2.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE FRADES PARA A ANUALIDADE 2023.**
**3.- APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2023".**
**4.- APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2023 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.**

**1.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE FRADES (RPT).**

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación::

***Expediente: 2022/E004/000001***

***Procedemento: Planificación e Ordenación de Persoal.***

***Asunto: Relación de Postos de Traballo do Concello de Frades.***

***PROPOSTA DE ALCALDÍA***

***1.- ANTECEDENTES.***
*A Alcaldía do Concello do Frades solicitou á empresa J&L Tudo Consulting SL o deseño e execución do proxecto de análise, descrición, clasificación, ordenación e valoración dos postos de traballo, de carácter estrutural, do Concello, así como a confección da Relación de Postos de Traballo (RPT).*
*O equipo técnico, empregando os precisos medios técnicos e metodolóxicos propios, realizou os traballos técnicos de análise, descrición, clasificación, ordenación e valoración dos postos de traballo.*
*Posteriormente, aos traballos técnicos de valoración, confeccionaron a RPT resultante, someténdose á Mesa Xeral de Negociación en reunións celebradas en datas de 18/07/2022, 22/07/2022, 24/11/2022 e 14/12/2022*
*Consta informe de secretaría-intervención*

***2.-LEXISLACIÓN APLICABLE***
- *Constitución Española (CE)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local. (LRBRL)*
- *Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)*
- *Lei 30/1984 de 2 de agosto, de medidas de reforma da función pública. (LMRFP)*
- *RDLex. 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)*
- *Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia. (LEPG)*



CVD: YIU7Du3xK/1f5qDs99+1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *Lei 11/2020, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. (TRET)*
- *Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local (RFAL)*
- *Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local (RXCIL)*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)*
- *Orden Ministerial do 02.12.1988 sobre o contido das relacións de postos de traballo.*

*Sendo necesario, en cumprimento do artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, que este Concello elabore o documento técnio da relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, PROPONSE AO CONCELLO EN PLENO a adopción do seguintes acordos*

***PRIMEIRO.** Aprobar a Relación de Postos de Traballo do Concello de Frades, cos seguintes datos en atención ao diposto no documento técnico:*

*PERSOAL FUNCIONARIO:*

| Cód. | Denominación do posto | Dot. | C.D. | C.E. | TP | FP | Adscripción | | | | Titulación académica | Formación específica | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | ADM | Grupo | Escala | Subescala | | | |
| 1000 | Secretario – Interventor | 1 | 26 | 15.970,83€ | S | C | AE | A1 | Habilitación Nacional | Secretaría Intervención | Licenciatura/Grao Universitario | - | - |
| 1001 | Arquitecto/a | 1 | 24 | 10.022,51€ | | C | AL | A1 | Admón. Especial | Técnica | Licenciatura/Grao Universitario | - | - |
| 1002 | Técnico de Xestión | 1 | 21 | 6.559,45€ | | C | AL | A2 | Admón. Xeral | Xestión | Diplomatura/Grao Universitario | - | - |
| 1004 | Administrativo/a | 1 | 19 | 5.337,19€ | | C | AL | C1 | Admón. Xeral | Administrativa | Bacharelato/Técnico | - | - |
| 1008 | Alguacil | 1 | 10 | 1.548,19€ | | C | AL | AP | Admón. Xeral | Subalterna | Estudos primarios | - | Posto a extinguir |

*PERSOAL LABORAL FIXO:*

| Cód. | Denominación do posto | Dot. | CD | C.E. | FP | Tipo de contrato | Grupo | Titulación académica | Formación específica | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1003 | AEDL | 1 | 18 | 6.803,90€ | C | Fixo | II | Diplomatura/Grao Universitario | - | - |
| 1005 | Administrativo/a | 1 | 16 | 5.337,19€ | C | Fixo | III | Bacharelato/Técnico | - | - |
| 1009 | Conserxe | 1 | (*) | (*) | C | Fixo | V | Estudos primarios | - | Posto reservado a 2ª actividade |
| 2006 | Operario condutor | 1 | 10 | 4.774,95€ | C | Fixo | V | Estudos primarios | - | - |
| 2007 | Tractorisita | 1 | 10 | 4.449,02€ | C | Fixo discontinuo | V | Estudos primarios | - | - |
| 2008 | Axudante de xardinería | 1 | 10 | 4.449,02€ | C | Fixo discontinuo | V | Estudos primarios | - | - |
| 2009 | Peón forestal | 1 | 10 | 4.449,02€ | C | Fixo discontinuo | V | Estudos primarios | - | - |
| 3006 | Animador/a deportivo | 1 | 14 | 3.422,32€ | C | Fixo | III | Bacharelato/Técnico | - | - |
| 3007 | Animador/a sociocultural | 1 | 14 | 2.933,42€ | C | Fixo | III | Bacharelato/Técnico | - | - |

***SEGUNDO.** Efectuar trámite de información pública de vinte días hábiles do presente acordo de aprobación plenaria da RPT, en base ao indicado na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
*No caso de presentarse reclamacións, as mesmas serán resoltas polo Pleno da Corporación, previos informes.*
*No caso de non presentarse reclamacións, o documento entenderáse definitivamente aprobado.*
***TERCEIRO.-** Aprobado definitivamente, publicar de forma íntegra a citada relación en o Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello, e remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma no prazo de trinta días.*

*No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente.*

INTERVENCIÓNS

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Manuel Ferreiro Marzoa, explica o contido da proposta

O concelleiro-voceiro do BNG, don Manuel Miguez Villaverde pregunta si este trámite resulta obrigatorio. Indica que non ten sentido o posto de porteiro se ben entende que a relación de postos sería mellorable pero o que a fai saba as necesidades reais que existen.

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do PSde G-PSOE, don Aurelio Garea Portos, pregunta cómo se van a cubrir os postos

CVD: YIU7Du3xK/1f5qDs99+1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Manuel Ferreiro Marzoa, indica que os postos cubriranse coforme disponña a normativa de aplicación e en atención aos postos creados cada equipo examina os departamentos a potenciar

VOTACIÓN

Votos a favor:
6 PP
0 PSOE
0 BNG
Votos en contra:
0 PP
0 PSOE
0 BNG
Abstenciones:
0 PP
3 PSOE
1 BNG

O pleno por maioría dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

***PRIMEIRO.*** *Aprobar a Relación de Postos de Traballo do Concello de Frades, cos seguintes datos en atención ao diposto no documento técnico:*

*PERSOAL FUNCIONARIO:*

| Cód. | Denominación do posto | Dot. | C.D. | C.E. | TP | FP | Adscripción | | | | Titulación académica | Formación específica | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | ADM | Grupo | Escala | Subescala | | | |
| 1000 | Secretario – Interventor | 1 | 26 | 15.970,83€ | S | C | AE | A1 | Habilitación Nacional | Secretaría Intervención | Licenciatura/Grao Universitario | - | - |
| 1001 | Arquitecto/a | 1 | 24 | 10.022,51€ | | C | AL | A1 | Admón. Especial | Técnica | Licenciatura/Grao Universitario | - | - |
| 1002 | Técnico de Xestión | 1 | 21 | 6.559,45€ | | C | AL | A2 | Admón. Xeral | Xestión | Diplomatura/Grao Universitario | - | - |
| 1004 | Administrativo/a | 1 | 19 | 5.337,19€ | | C | AL | C1 | Admón. Xeral | Administrativa | Bacharelato/Técnico | - | - |
| 1008 | Alguacil | 1 | 10 | 1.548,19€ | | C | AL | AP | Admón. Xeral | Subalterna | Estudos primarios | - | Posto a extinguir |

*PERSOAL LABORAL FIXO:*

| Cód. | Denominación do posto | Dot. | CD | C.E. | FP | Tipo de contrato | Grupo | Titulación académica | Formación específica | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1003 | AEDL | 1 | 18 | 6.803,90€ | C | Fixo | II | Diplomatura/Grao Universitario | - | - |
| 1005 | Administrativo/a | 1 | 16 | 5.337,19€ | C | Fixo | III | Bacharelato/Técnico | - | - |
| 1009 | Conserxe | 1 | (*) | (*) | C | Fixo | V | Estudos primarios | - | Posto reservado a 2ª actividade |
| 2006 | Operario condutor | 1 | 10 | 4.774,95€ | C | Fixo | V | Estudos primarios | - | - |
| 2007 | Tractorisita | 1 | 10 | 4.449,02€ | C | Fixo discontinuo | V | Estudos primarios | - | - |
| 2008 | Axudante de xardinería | 1 | 10 | 4.449,02€ | C | Fixo discontinuo | V | Estudos primarios | - | - |
| 2009 | Peón forestal | 1 | 10 | 4.449,02€ | C | Fixo discontinuo | V | Estudos primarios | - | - |
| 3006 | Animador/a deportivo | 1 | 14 | 3.422,32€ | C | Fixo | III | Bacharelato/Técnico | - | - |
| 3007 | Animador/a sociocultural | 1 | 14 | 2.933,42€ | C | Fixo | III | Bacharelato/Técnico | - | - |

***SEGUNDO.*** *Efectuar trámite de información pública de vinte días hábiles do presente acordo de aprobación plenaria da RPT, en base ao indicado na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
*No caso de presentarse reclamacións, as mesmas serán resoltas polo Pleno da Corporación, previos informes.*
*No caso de non presentarse reclamacións, o documento entenderáse definitivamente aprobado.*
***TERCEIRO.-*** *Aprobado definitivamente, publicar de forma íntegra a citada relación en o Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello, e remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma no prazo de trinta días.*

**2.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE FRADES PARA A ANUALIDADE 2023.**

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación::



CVD: YIU7Du3xK/1f5qDs99+1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***PROPOSTA DE ALCALDÍA:***
***ASUNTO: MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL 2023***
***EXPEDIENTE TEDEC:2023/T004/000001***

***MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL 2023***
*Os orzamentos municipais deste Concello para o exercicio 2023 configúranse como a previsión de gastos e a estimación dos ingresos previstos para cubrir devanditos gastos.*
*Trátase duns orzamentos baseados na procura da eficiencia e a eficacia na xestión municipal, pero que teñen en conta a inestable situación actual provocada pola pandemia. Ademais reflicten o compromiso coa estabilidade orzamentaria e coa sustentabilidade financeira e o límite de gasto non financeiro da administración local.*
*O obxectivo é que este Concello sexa unha administración ben xestionada e solvente, sen endebedamento e que se rexe polo equilibrio orzamentario.*
*Para iso, os orzamentos do exercicio 2023 caracterízanse por:*
*1.- Eficiencia*
*2.- Transparencia.*
*3.- Equilibrio nas contas e compromiso de pago a provedores.*
*4.- Estabilidade Orzamentaria.*
*5.- Redución do capítulo de inversións debido ó axuste dos ingresos*
*6.- Aumento dos gastos en ben correntes e servizos básicos e obrigatorios en tódolos Concellos.*

*7.- Aumento dos gastos en servicios á ciudadanía*

*Os Orzamentos para 2023 ascenden a 2.363.665,48 euros en ingresos e en gastos, PRESÉNTASE NIVELADO, o que supón unha reducción dun 16,76% en gastos e en ingresos con respecto aos Orzamentos do 2022, exercicio inmediatamente anterior, tal e como se amosa na seguinte táboa:*

| ***COMPARATIVA 2022-2023*** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ***GASTOS*** | | | | |
| ***EC*** | ***APLICACIÓNS GASTOS*** | ***Créditos Iniciais 2022*** | ***Créditos Iniciais 2023*** | ***TAXA VARIACIÓN*** |
| ***CAP 1*** | ***GASTOS DE PERSOAL*** | *432.732,30* | *519.337,19* | *16,68%* |
| ***CAP2*** | ***GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS*** | *970.023,78* | *1.024.975,23* | *5,36%* |
| ***CAP3*** | ***GASTOS FINANCEIROS*** | *10.000,00* | *10.000,00* | *0,00%* |
| ***CAP4*** | ***TRANSF. CORRENTES*** | *155.450,00* | *195.450,00* | *20,47%* |
| ***CAP6*** | ***INVESTIMENTOS*** | *1.045.605,75* | *595.315,96* | *-43.06%* |
| ***CAP 7*** | ***TRANSF. DE CAPITAL*** | *7.450* | *7.450* | *0,00* |
| ***CAP 9*** | ***PASIVOS FINANCIEROS*** | 218.465,48 | 11.137,10 | -94,9% |
| ***TOTAL*** | | ***2.839.727,31*** | ***2.363.665,48*** | *-16,76%* |

***CAPÍTULO 1.*** *Con respecto ao* ***gasto de persoal*** *existe correlación entre os créditos do Capítulo I de Gastos de Persoal, incluídos no Orzamento que supoñen un 21,9% do Orzamento, e o Anexo de Persoal desta Entidade Local para este exercicio económico, sendo o seu importe global de 519.337,19 euros. Presenta un aumento do 16,68% con respecto ao Orzamento do exercicio 2022*
*Consignanse o posto integro da secretaria intervención, pola posibilidade de nomeamento dun secretario/a a tempo completo.*
*Consígnanse tamén as retribucións dos traballadores do Programa APROL 2022 que terminan contrato en marzo do 2023.*
*Consígnanse as indemnizacións fin de contrato dos traballadores a contratar a través dos Programas PEL 2023 e APROL RURAL 2022 e 2023, indemnizacións que non se financian pola Deputación e pola Xunta de Galicia.*
*Contemplase o incremento de retribucións do persoal ó servizo do sector público do 2,5% respecto ás retribucións de decembro do 2022 segundo a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.*
*Contemplanse postos de nova creación pola posibilidade de aprobación da Relación de Postos de Traballo (RPT): Técnico de Xestión, Administrativo e Técnico de Cultura.*



CVD: YIU7Du3xK/1f5qDs99+1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Non se contempla ningún incremento nos soldos tanto do alcalde como do 3º teniente-alcalde, estes soldos mantéñense igual o aprobado no pleno de organización de xullo de 2019.*

***CAPÍTULO 2.*** *O Capítulo 2 “Gastos en bens correntes e servizos” consígnase por importe de* ***1.024.975,23 € e*** *supón o* ***43,36%*** *do total do orzamento de gastos, e comprende contratos básicos de mantemento do alumeado público, saneamento e abastecemento de augas, lixo... para dar cobertura a tódolos servizos municipais, mantemento das áreas recreativas e prazas públicas, piscina, punto limpo, limpeza de locais públicos e centros de saúde, desbroce de camiños e a realización de todo tipo de actividades culturais, deportivas, formativas e de conciliación promovidas polo Concello, etc.*
*Aumenta un 5,36% con respecto ao Orzamento do 2022. Os cambios mais significativos derivanse do aumento da partida de alumeado público, dado que a pesar de ter aplicadas xa as medidas de aforro enerxético en tódadas parroquias, os prezos da luz están disparados*

*O total dos créditos orzamentarios consignados por operacións correntes e os gastos derivados do funcionamento dos servizos existentes neste Concello poden considerarse suficientes para atender as obrigacións exixibles á Corporación.*

***CAPÍTULO 3.*** *Os* ***gastos financeiros*** *recolleitos neste Capítulo refírense ás consignacións de pagos de comisións bancarias por importe de 10.000 euros mantendose o mesmo importe que no 2022.*
*Tamén se inclúen os xuros devengados pola operación de préstamo a longo prazo contratada no 2021 e os custos do aval bancario que esixiu o IDAE para tramitar o anticipo da subvención de aforro enerxético dos alumeados públicos.*
***CAPÍTULO 4.*** *As* ***transferencias correntes*** *comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes. Os fins aos que están destinadas estas transferencias son culturais e sociais.*
*Consígnanse créditos no Capítulo 4 , por importe de* ***195.450,00 €*** *, o que supón o* ***8,27%*** *do total do orzamento de gastos. Aumenta un 20,47% respecto ao orzamento do exercicio 2022 debido á maior necesidade de financiación dos servizos sociais prestados a través da Mancomunidade de Ordes.*

*Inclúense neste Capítulo fundamentalmente as axudas de emerxencia social, as subvencións en concorrencia competitiva ás entidades sen ánimo de lucro, as subvencións nominativas, as asignacións a grupos políticos, a aportación á Mancomunidade, a aportación doConcello de Frades ao Obradoiro de Emprego (dotación como aportación ao Concello de Ordes)...*
*Consignase unha partida para Ordenanza de natalidade e para o Bonotaxi.*
***CAPÍTULO 6.*** *Consignáronse no Estado de Gastos do Orzamento de 2023* ***investimentos reais*** *por un importe de* ***595.315,96 euros****, financiadas con recursos afectados procedentes de subvencións ou transferencias de capital e con recursos propios.*
*Os créditos orzamentarios para Investimentos Reais supoñen o* ***25,19%*** *do total do Orzamento. Desta forma, estes créditos experimentan unha redución do 43,06 % respecto ao Orzamento Municipal do exercicio anterior.*
*Órzase as aportacións municipais das subvencións que se repiten tódolos anos da Xunta de Galicia (Infraestructuras públicas, Turismo, Fondo de compensación Ambiental, plan Hurbe, plan de camiños ( PEIM.*
*Con respecto ao Plan único da Deputación da Coruña , POS + 2023, que entendemos que trata de dar autonomía aos Concellos, e ten como finalidade axilizar a burocracia administrativa, e potenciar a eficiencia na colaboración entre Administracións, aprobáronse as seguintes inversións:*

*ACHEGA PROVINCIAL POS+2023:*
*Obra “Pavimentación camiño Figueira (Mesos) cara Barreiro (Abellá) e outros”............... 93.670,84 euros*
*Con respecto ao Plan Complementario (POS ADICIONAL) do 2023:*
*Obra “Pavimentación Camiño Vilar de Arriba (Frades) AC-524 (Abellá)”............194.000,00 euros*
*Tódolos investimentos e o seu financiamento figuran recollidos no Anexo de Investimentos 2023.*
***CAPÍTULO 7.*** Consignase neste capítulo as transferencias de capital referidas a subvencións para inversións a entidades sen ánimo de lucro.
***CAPÍTULO 9****. Este capítulo recolle o gasto que realizan as entidades locais destinado a amortización de deudas.*
*Neste exercicio consignase as seguintes amortizacións:*
*- Préstamo centro sociocultural: 11.137,11*

***INGRESOS***

| EC | APLICACIÓNS INGRESOS | Previsións iniciais 2022 | Previsións iniciais 2023 | TAXA VARIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| CAP 1 | IMPOSTOS DIRECTOS | 697.484,55 | 434.604,73 | -37,69% |



CVD: YIU7Du3xK/1f5qDs99+1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ***CAP 2*** | ***IMPOSTOS INDIRECTOS*** | ***60.000,00*** | ***60.000,00*** | ***0,00%*** |
| ***CAP 3*** | ***TAXAS E OUTROS INGRESOS*** | ***239.434,50*** | ***248.029,51*** | ***3,59%*** |
| ***CAP 4*** | ***TRANSF. CORRENTES*** | ***1.074.173,68*** | ***1.217.956,40*** | ***13,39%*** |
| ***CAP 5*** | ***INGRESOS PATRIMONIAIS*** | ***500,00*** | ***500,00*** | ***0,00%*** |
| ***CAP 7*** | ***TRANSF. DE CAPITAL*** | ***768.134,58*** | ***402.574,84*** | ***-47,59%*** |
| ***CAP 9*** | ***PASIVOS FINANCIEROS*** | ***0,00*** | ***0,00*** | ***0,00%*** |
| ***TOTAL*** | | ***2.839.727,31*** | ***2.363.665,48*** | *-16,76%* |

***CAPÍTULO 1.*** *Os* ***impostos directos*** *comprenden o Imposto de Bens Inmobles, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Os ingresos que proveñen destes impostos directos ascenden a 434.604,73 €*

| | |
|---|---|
| *26.000,00 euros* | *IBI RÚSTICA* |
| *229.970,96 euros* | *IBI URBANA* |
| *158.633,77 euros* | *IMPUESTO DE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA* |
| *20.000 euros* | *IAE* |

*Faise a previsión de ingresos tendo en conta as Ordenanzas vixentes, estas quedan 1 ano mais conxeladas, sen ningún tipo de incremento dos tipos impositivos; así como os datos do padrón de contribuíntes aprobado á data de hoxe correspondente ao 2023 e as previsibles altas, operantes nas dependencias municipais, e o previsto e recadado no ano 2021 (datos da última liquidación do Orzamento aprobada).*
*Reducese este capítulo un 37,69% en relación có ano 2022 debido a que xa non se estan aplicando os cambios de valoración catastral por mor da aprobación do PXOM ( Plan de ordenación Municipal) no 2019.*

*Con respecto ao IBI rústico, siguese aplicando as bonificacións do 95% da cota íntegra do IBI por declaración de especial interese ou utilidade municipal de inmobles nos que se desenrolen, total e exclusivamente, actividades agrarias, gandeiras pertencentes ao sector primario, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, que xustifican tal declaración,*
***CAPÍTULO 2.*** *Os ingresos que proveñen dos* ***impostos indirectos*** *e en concreto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras ascende a 60.000,00 euros representando un 2,54% do orzamento e preveendo un lixeiro ascenso do ingreso que con respecto ao Orzamento Municipal do exercicio anterior. Estímanse novas construcións no exercicio 2023 pola aprobación definitiva do PXOM que permite a edificacións de novas vivendas nos novos núcleos rurais delimitados e tamén novas construcións agrarias pola posta en marcha dos plan de mellora das explotacións gandeiras.*
***CAPÍTULO 3.*** *Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de* ***taxas, prezos públicos e outros ingresos****, ascende a 248.029,51 euros, o que supón un aumento do 3,59 % respecto ao Orzamento Municipal do exercicio anterior.*
*Mantense a redución aplicada no ano 2022 os recibos do lixo a consecuencia de transladar os contribuintes a rebaixa do prezo por tonelada que aprobou a Xunta de Galicia aos concellos que cumpren coa protección do medioambiente, reducindo residuos e fomentado a reciclaxe.*

***CAPÍTULO 4.*** *Os ingresos previstos por transferencias correntes ascenden á contía de* ***1.217.956,40 €,*** *e representan un* ***51,53%*** *do Orzamento de Ingresos 2023.*
*Supoñen un aumento de 13,39% principalmente debido ós maiores ingresos previsto de POS+2023 no referido a gasto corrente e na participación dos tributos do Estado*
***Desglósanse do seguinte xeito:***
*1.-**Participación en tributos Estado 527.024,02€***
*2.**-Participación en tributos da CCAA 232.421,39€***

3. ***Subvencións da Xunta:***

- *Subvencións en materia de Convenios subscritos:* ***42.000,00 euros***
  ***13.000,00*** *Prev. Incendios*
  ***29.000,00*** *Brigada Incendios*

- *Outras transferencias incondicionais:* ***96.863,57 euros.*** *Englóbanse as subvencións recibidas tódolos anos para Axente de Emprego Local, Xulgado de Paz, Conciliación, Red Natura, Aprol Rural*

4. ***Deputación:***



CVD: YIU7Du3xK/1f5qDs99+1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *Técnico deportivo* ***9.600€***
- *Actividades culturais (rede cultural)* ***20.386,13€***
- *Socorrista* ***10.000,00 €***
- ***POS+2023 para gasto corrente 193.277,65*** *está destinado a financiar os gastos dos servizos básicos deste concello: alumeado público, lixo, Accesos a núcleos de poboación.*
- ***POS Adicional 2023 para gastos sociais 56.358,06***

5. ***De empresas privadas: 14.000 €*** *de ERIMSA.*

***CAPÍTULO 5.*** *Os* ***ingresos patrimoniais*** *proveñen de xuros de depósitos, que ascenden a 500 euros e constitúen un 0,02% do orzamento municipal. Isto suporá a mesma contía que a consignada no Orzamento do exercicio anterior.*

***CAPÍTULO 7. O Capítulo VII de Transferencias de Capital*** *do Orzamento de Ingresos calculouse en base ás subvencións solicitadas, as que se prevén concédanse, ou no seu caso concedidas polas Entidades Públicas e Privadas [órgano competente provincial, da Comunidade Autónoma e/ou Administración do Estado], ascendendo a* ***402.574,84€*** *que constitúen un 17,03% do orzamento municipal e supón un 47,59% menos debido principalmente a que non se executa ningun proxecto de IDAE*

- *Pos + 2023 inversión............. 93.670,84€*
- *Pos Complementario 2023.... 194.000,00€*
- *AGADER ............................61.904,00 €*
- *AGADIC....................................21.000,00 €*
- *CONVENIO VICEPRESIDENCIA MOBILIARIO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO...............32.000,00 €*

*En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Xeral e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2023, cuxo importe ascende a 2.363.665,48, no Estado de Ingresos e á 2.363.665,48 euros no Estado de Ingresos, presentándose nivelado, acompañado desta Memoria.>>*

INTERVENCIÓNS

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Manuel Ferreiro Marzoa, explica o contido da proposta indicando que se trata dun orzamento equilibrado. O capítulo 1 experimenta unha subida dun 16% debido á aprobación da Relación de Postos de Traballo e debido tamén á subida do IPC e as contratacións derivadas de subvencións concedidas pola Xuna e a Deputación. O capítulo 2 experimenta unha subida dun 5.36% en atención ao mantemento dos contratos básicos. O capítulo 3 queda igual. Capítulo 4 experimenta unha subida dun 20.47% en atención a poñer en marcha novos servicios e manter os xa esistentes (natalidade, bono taxi, axudas técnicas, cognitivas...). O capítulo 6 descende debido ao Idae se ben supón o 25% do orzamento total e considerase unha boa inversión para este tipo de concello. Capítulo 7 segue igual e capítulo 9 amortízanse os préstamos do Idae e do centro sociocomunitario. Trátáse dun orzamento que segue a política de toda a lexislatura, nunha primeira parte marcada pola pandemia que provocou aumentar o gasto social e no segundo ano invertir en proxectos ambiciosos.

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do PSde G-PSOE, don Aurelio Garea Portos, pide disculpas por no poder o seu grupo estudiar e examinar o documento.

O concelleiro-voceiro do BNG, don Manuel Miguez Villaverde indica que en líneas básicas preocupa a baixada da inversión sobre todo nun inverno como o que veu onde hai obras que piden mais reparacións, as pistas forestais, a necesidade de limpeza. Considerase preocupante a subida do gasto corrente.

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Manuel Ferreiro Marzoa, explica que o capitulo 6 baixa porque non se poder acometer todos os anos proxectos importantes e respecto ao gasto corrente sube pola necesidade de manter uns bos servicios.

VOTACIÓN

Votos a favor:
6 PP
0 PSOE
0 BNG
Votos en contra:
0 PP
0 PSOE
0 BNG
Abstenciones:
0 PP
3 PSOE
1 BNG



CVD: YIU7Du3xK/1f5qDs99+1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O pleno por maioría dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2023

**2.-** Aprobar as Bases de execución do orzamento municipal e os seus anexos, así como o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, conforme o anexo de persoal.

**3.-** Que este acordo inicial sexa elevado a definitivo automáticamente de non producirse reclamacións durante o prazo de exposición pública, por quince días hábiles, previo anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

**3.- APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2023".**

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación::

***Expediente: 2023/A008/000006***
***Procedemento: POS+2023 – PLAN UNICO DE CONCELLOS***
***PROPOSTA DE ALCALDÍA***
*1.- ANTECEDENTES.*
*Vista convocatoria referente ao POS+2023 – PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) (BOP número 228) de 1 de decembro de 2022.*
*PROPONSE AO CONCELLO EN PLENO a adopción do seguintes acordos:*
*PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023","achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":*

*A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:*

| | *Deputación* |
|---|---|
| *Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes* | *193.227,65 €* |
| *Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)* | |
| *Subtotal gasto corrente* | |

*B ) Financiamento de investimentos:*

| *ACHEGA PROVINCIAL 2023* | *FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO* | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | *Concello* | | | |
